

Manifiesto intersindical


(ELA, CIG, LAB, STEE-EILAS, CSC, IC, EHNE, HIRU)

Polo dereito a decidir as nosas condicións laborais e sociais

REFORMAS E POLÍTICAS PÚBLICAS EN CONTRA DOS NÓSOS INTERESES

Desde o comezo da crise, o Goberno español acometeu toda unha serie de profundas reformas antisociais e duras medidas de carácter económico. Este conxunto de iniciativas impulsadas polo Goberno do PSOE responde aos intereses dos poderes económicos, financeiros e empresariais. Constitúe unha ofensiva sen precedentes e o ataque máis grave perpetrado nas últimas décadas contra os dereitos da clase traballadora e as condicións de vida e traballo dos sectores populares. Queremos salientar:

- ✦ Unha reforma laboral en beneficio exclusivo dos intereses empresariais: facilita e abarata o despedimento, consolida a precariedade laboral, aumenta a flexibilidade interna nas empresas, modifica a correlación de forzas a favor da patronal e debilita a clase traballadora e o movemento sindical.
- ✦ O maior e máis grave recorte das pensións perpetrado en toda a historia: atrasa a idade legal de xubilación, reduce a contía das pensións, endurece as condicións para acceder a unha pensión pública e favorece a expansión dos plans de pensións privados en beneficio da banca e do gran capital financeiro.
- ✦ A reforma da negociación colectiva ameaza con lles facilitar ás empresas a non aplicación do convenio, individualizar as relacións laborais potenciando a flexibilidade e centralizar a estrutura da negociación colectiva reforzando o ámbito estatal en detrimento do provincial. Todo iso comporta debilitar a negociación colectiva, os dereitos laborais e o noso dereito a negociar nos nosos propios ámbitos nacionais.
- ✦ Un ataque directo aos salarios, xunto á reforma da negociación colectiva. Desligar as subas salariais do IPC e ter en conta a produtividade non é senón outra medida que beneficia á patronal, abaratando custos laborais en nome da competitividade empresarial.



Ademais destas reformas, o Goberno do PSOE veu impondo moi duras medidas de axuste contra a clase traballadora (recorte de salarios do persoal do ámbito do público, recorte do gasto social, aumento dos impostos indirectos...). Non satisfeito con iso, ameaza agora con novas reformas, supostamente para saír da crise. Reformas que non se basean máis que en seguir recortando dereitos. Reformas que, polo tanto, nin palían os efectos da crise nin conducen a unha recuperación económica, xa que se basean en afondar nas mesmas políticas que nos levaron a esta situación.

A única política económica que se está a aplicar é satisfacer as demandas e a cobiza sen fin do poder económico e financeiro e da patronal. Na crise atoparon o pretexto perfecto para sentar as bases dun novo ciclo de acumulación de beneficios, pero agora sobre unhas condicións de precariedade e explotación moito máis duras e abusivas, para profundar aínda máis no actual modelo de capitalismo neoliberal.

CCOO E UGT OUTORGAN COBERTURA "SOCIAL" AOS RECORTES DE DEREITOS

Toda esta ofensiva do poder económico e da patronal -levada a cabo polo poder político do Estado coa axuda doutros partidos- conta, ademais, coa cobertura "social" do sindicalismo pactista e de acompañamen-

to de CCOO e UGT. Uns sindicatos que, ante a súa falta de autonomía financeira, poñen os seus propios intereses por riba da defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras. Un sindicalismo que ten como única función amortecer e adornar cun verniz de “diálogo social” as imposicións e ataques frontais aos intereses da clase traballadora.

É este un modelo burocrático e vertical que quere aproveitar a reforma da negociación colectiva para lograr, de xeito antidemocrático, o monopolio sindical, buscando illar a aquelas organizacións sindicais representativas que nos opomos ao seu modelo sindical.

O asinamento do Acordo Social e Económico é un exemplo de todo isto. Un Acordo que chama á desmobilización, que renuncia ao debate sobre o cambio de modelo económico e social, que contempla só aquelas medidas que lle interesan ao Goberno e á patronal e que non contempla ningunha medida que poida implicar ou molestar o capital financeiro.

EXISTEN OTRAS PROPOSTAS E ALTERNATIVAS

Nestes tempos en que interesadamente se alimentaron a desidia e a resignación, en que se nega a existencia de alternativas que debuxen outro tipo de sociedade distinto ao que o capital nos impón, nas nosas organizacións sabemos que outro modelo económico e social é posíbel, e seguimos reivindicando que o papel da sociedade, no seu conxunto, e o da clase traballadora, en particular, é determinante.

Nestes últimos anos, as organizacións sindicais que subscribimos esta declaración non só viñemos enfrontando as distintas medidas que, unha tras outra, nos foron impondo, senón que tamén propuxemos alternativas que garanten dereitos básicos á poboación (ensino, sanidade, traballo, vivenda, enerxía...) así como unha repartición mais xusto da riqueza. Política fiscal progresiva, persecución da fraude fiscal e da economía mergullada, supresión dos paraísos fiscais, control público sobre o sector financeiro, creación dunha banca pública, oposición á privatización de servizos e empresas públicas, eliminación das subvencións xeralistas á contratación, incremento do gasto público produtivo, potenciación do emprego estábel, etc., son todas elas medidas deliberadamente rexeitadas e agochadas polo poder.

En definitiva, mantemos a nosa firme oposición á reforma laboral, á reforma das pensións e á reforma da negociación colectiva así como ás políticas económicas de recorte do gasto público, redución de salarios, redución de impostos ao capital ou de privatización de empresas e servizos públicos, pois todas estas medidas forman parte dunha estratexia deseñada e ao servizo do capital financeiro. Con iso, buscan transferir recursos públicos e dos traballadores e traballadoras ao capital financeiro, debilitar a clase traballadora e os servizos públicos.

MARCO PROPIO DE RELACIONES LABORAIS E PROTECCIÓN SOCIAL: UNHA REIVINDICACIÓN CON DIMENSIÓN POLÍTICA

Mantemos, tamén, a firme, xusta e democrática reivindicación de ter marcos propios de relacións laborais e sociais que nos permitan participar, negociar e decidir sobre os nosos dereitos e as nosas condicións laborais e sociais nas nosas respectivas nacións.

O actual marco xurídico-político impide que a clase traballadora dispoña de verdadeiros instrumentos de acción sindical, que necesitamos para desenvolvermos con eficacia a defensa dos nosos intereses de clase. Este marco xurídico-político, definitivamente esgotado, está sendo posto en xaque nestes momentos nun novo proceso de involución e recentralización.

Por iso, os sindicatos asinantes deste manifesto decidimos mobilizarnos e confrontar, para dar dimensión política á reivindicación do Marco Propio de Relacións Laborais e Protección Social.

Xunto coa reivindicación social e laboral, está en xogo a posibilidade de articular outro modelo de sociedade. Interpelamos, pois, á colaboración aos que comparten e defenden o ámbito propio de decisión para confrontarmos politicamente cos que nos negan estes dereitos.

É moito o que nos xogamos como clase traballadora e como pobo.

Madrid, 5 de abril de 2011

Non ás reformas de pensións e de negociación colectiva!